



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 26 de xuño de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/28005

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Teoría e Historia da Educación

Departamento: Pedagogía e Didáctica

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Tras analizar a documentación da praza 25/28005, as alegacións realizadas por D^a María Formoso Silva, D^a Paula Peregrina Nievas, D^a Paula Rodríguez Rivera e D. Luís Román Suárez Canedo nas súas reclamacións contra a proposta de provisión da citada praza e os informes da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 26 de xuño de 2026, acorda:

1. desestimar as alegacións presentadas por D^a María Formoso Silva, con base na argumentación aducida pola Comisión de selección no seu informe,
2. desestimar as alegacións presentadas por D^a Paula Peregrina Nievas, con base na argumentación aducida pola Comisión de selección no seu informe,
3. desestimar as alegacións presentadas por D^a Paula Rodríguez Rivera, con base na argumentación aducida pola Comisión de selección no seu informe,
4. desestimar as alegacións sobre os seus méritos realizadas por D. Luís Román Suárez Canedo, con base na argumentación aducida pola Comisión de selección no seu informe,
5. solicitar da Comisión de selección:
 - a) a eliminación da valoración do CAP no punto I.4 Outras titulacións universitarias relevantes para a praza, por non ser unha titulación das contempladas expresamente nesa sección na *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador* aprobada en Consello de goberno de 7/11/2024, isto é do nivel de diplomatura, grao, licenciatura, mestrado ou doutoramento,
 - b) a revisión das puntuacións outorgadas aos artigos en revistas científicas (sección III.1 Publicacións científicas) conforme ao establecido na *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador*, que só permite a valoración dos artigos publicados en revistas incluídas na Web of Science ou Scopus (con 2,5 puntos por mérito) e en revistas indexadas nas bases de datos específicas para cada ámbito de coñecemento especificamente mencionadas (con 0,5 puntos por mérito, nunca con maior puntuación, e cun máximo total de 5 puntos por este



concepto), xunto coa aplicación do coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que a Comisión de selección determine, e exclúe a valoración de calquera outro mérito que non cumpra estes requisitos,

- c) a eliminación da valoración na experiencia profesional dos méritos das persoas candidatas en especialidades de coñecemento consideradas afíns pola Comisión de selección, toda vez que a citada *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador* establece: "Valoraranse unicamente os méritos na especialidade de coñecemento da convocatoria",
- d) informe sobre as consideracións de carácter xeral 2, 3, 4 e 5 expostas por D. Luís Román Suárez Canedo nas súas alegacións.

6. facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández